

MANUAL DE CALIDADE
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE
ESAD DE GALICIA

O MSGIC da ESAD de Galicia

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Consello escolar
01	20-04-2014	Primeira edición	18-06-2014
02	03-03-2015	Acreditación ACSUG	22-09-2015
03	21-11-2017	Revisión Orde do 21 de novembro de 2016 Adecuación FIDES-AUDIT	27-02-2018

O MSGIC DA ESAD DE GALICIA

Consonte o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 30 de setembro de 2010, pola que se [establecía](#) o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores en arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia, e se [regulaba](#) o acceso ao dito título superior, publicado no Diario Oficial de Galicia con data do 11 de outubro de 2010 (corrección de erros no DOG do 17 de abril de 2012), a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, [estableceu](#) un Sistema de Garantía Interna de Calidade coa finalidade de “potenciar a mellora das súas actividades docentes, investigadoras e de xestión”, pero tamén para coordinar os procesos de “xestión, verificación, acreditación e auditorías de calidade”, ora en relación co funcionamento integral do centro, ora en relación coa verificación da súa oferta formativa.

Para establecer o marco e o procedemento para a avaliación interna e externa a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) asinaron con data do 19 de novembro de 2014 un convenio de colaboración coa finalidade de establecer e aplicar os procedementos de avaliación das ensinanzas artísticas superiores. [Nesa dirección en xuño de 2015 a ACSUG fixo pública a Guía para a o seguimento das titulacións superiores de ensinanzas artísticas.](#)

Igualmente, o Real Decreto 21/2015, de 23 de xaneiro, polo que se modifica o Real Decreto 1614/2009, de 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece no seu apartado nove que o artigo 18.1, do anterior RD 1614/2009, queda redactado da seguinte maneira:

Las Administraciones educativas impulsarán sistemas y procedimientos de evaluación interna y evaluación externa periódicas de la calidad de estas enseñanzas. Los criterios básicos de referencia serán los definidos y regulados en el contexto del Espacio Europeo de Educación Superior. Para ello, los órganos de evaluación que las Administraciones educativas determinen, en el ámbito de sus competencias, diseñarán y ejecutarán en colaboración con los Centros de enseñanzas artísticas superiores los planes de evaluación interna y evaluación externa correspondientes.

[De igual forma a Orde do 21 de novembro de 2016, publicada no Diario Oficial de Galicia con data do 1 de decembro de 2016, establece no seu artigo 28. 2, que cada centro superior establecerá un sistema de garantía interna da calidade coa finalidade de potenciar a mellora das súas actividades docentes e de xestión, que seguirá as normativas establecidas pola administración educativa en relación cos procesos de xestión e auditorías de calidade.](#)

En consonancia con todo o anterior o MSGIC da ESAD de Galicia toma como referentes necesarios na súa elaboración a normativa específica establecida pola Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA) a través do programa denominado FIDES-AUDIT, segundo proposta da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). O MSGIC da ESAD de Galicia configúrase de acordo ao modelo proposto no antedito programa FIDES-AUDIT, pero introducindo elementos procedentes da Norma ISO, como todos aqueles

procedementos vinculados coa xestión e a organización do centro. Igualmente para a Memoria da Titulación Superior en Arte Dramática tomamos en consideración o establecido no programa VERIFICA.

Considéranse os 9 criterios de calidade establecidos pola ANECA no documento “Criterios y Directrices para la acreditación de enseñanzas universitarias conducentes a títulos oficiales españoles de grado y máster”, e as 46 directrices vinculadas cos mesmos e cos procesos de verificación das titulacións superiores, [que se trasladan a todos os procedementos incluídos no Manual de Calidade e aos documentos de organización do centro, nomeadamente o Proxecto Educativo \(DE201.02\), o Proxecto Curricular \(DE201.03\) e as Normas de Organización e Funcionamento \(DE301.01\), pero igualmente ao Plan Estratéxico \(DE201.07\), a cada Plan anual \(DE201.08\) e ao Plan anual de mellora \(PE401.02\)](#). Son:

1. Obxectivos da oferta educativa, que deben estar documentados, definidos e difundidos.
2. A adecuada planificación da ensinanza en relación coa oferta e os seus obxectivos e finalidades.
3. O desenvolvemento dos procesos de ensinanza e de aprendizaxe, así como a avaliación das aprendizaxes.
4. Os criterios de admisión do alumnado.
5. A orientación do alumnado, tanto ao longo do desenvolvemento dos seus estudos como no se refire á súa transición á vida activa ou na continuación de estudos.
6. O persoal académico, en número suficiente e coa cualificación adecuada aos obxectivos da ensinanza.
7. Recursos e servizos.
8. Revisión de resultados en función dos obxectivos previstos, considerando porcentaxes de graduación, de abandono e de eficiencia.
9. Existencia dun Sistema de Garantía Interna de Calidade, que permita recoller información e desenvolver procedementos de revisión e mellora de todo o anterior.

Igualmente o MSGIC deberá establecer procedementos de consulta que permitan recoller información de graduados, axentes de emprego e outros grupos sociais de interese relevantes, sobre a inserción social dos titulados, a formación adquirida (coñecementos, destrezas e actitudes) e os perfís profesionais ou as necesidades de formación continua.

O SGIC foi posto en funcionamento ao longo do curso escolar 2012-2013, no marco dun Proxecto de Formación en Centros supervisado desde o Centro de Formación e Recursos de Vigo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, baixo a coordinación conxunta da Dirección da Escola e do Departamento de Calidade do centro, e coa participación dun equipo de traballo establecido para tal efecto entre profesores e profesoras do centro, e coa implicación activa de toda a comunidade escolar.

O documento básico do SGIC implantado na ESAD de Galicia é o seu Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade, pois nel aparecen recollidos os trazos fundamentais do Sistema, os requisitos que atende, o seu alcance, e as referencias á documentación xenérica da que se parte ou aos procedementos que o desenvolven.

Contén un total de 13 capítulos, e en cada un deles existen procedementos e documentos diferentes: estratéxicos, claves e de apoio; tamén conta cun anexo con varios apartados.

Nos diferentes capítulos do MSGIC e nos procedementos que o desenvolven faise referencia ás evidencias e rexistros que, en cada caso, se orixinan como consecuencia da súa aplicación e que constitúen as evidencias de implantación, revisión e mellora permanente do sistema, [segundo se reflicte na táboa AI03, contida no Anexo I](#). Atendendo ás directrices emanadas da normativa de calidade aplicable, as evidencias dispoñibles serán as do ano escolar en curso e o inmediatamente anterior.

Corresponde á Dirección da Escola e ao Departamento de Calidade que toda a Comunidade Educativa da ESAD de Galicia, a administración educativa, os grupos de interese e a sociedade no seu conxunto, teñan acceso a todos os documentos do SGIC, polo que o MSGIC da ESAD de Galicia será difundido a través da páxina web da Escola, tamén para que poida ser consultado polas institucións e persoas responsables da avaliación interna e/ou externa.

Os documentos obsoletos serán arquivados de maneira que só estean dispoñibles ao acceso público as versións definitivas. Para os efectos da realización de auditorías e outros procesos de certificación o Departamento de Calidade garantirá a dispoñibilidade da versión inmediatamente anterior á versión en curso. [En calquera caso, para facilitar a consulta e para que se poidan identificar de forma inmediata as modificacións e melloras introducidas na última revisión, estas aparecerán salientadas en letra con cor azul.](#)

O órgano fundamental que intervéñen na xestión do SGIC é o Servizo de Garantía Interna de Calidade da ESAD de Galicia (SzGIC), integrado por:

- A persoa que exerza o cargo de director/ a da Escola.
- A persoa que exerza o cargo de secretario/a da Escola.
- A persoa que exerza o cargo de xefe/a do Departamento de Calidade.
- Dúas persoas en representación do profesorado, designadas polo Consello Escolar.
- Dúas persoas en representación do alumnado, designadas polo Consello Escolar.
- Unha persoa en representación do persoal de administración e servizos, designada polo Consello Escolar

Corresponde ao Servizo de Garantía Interna de Calidade, no que participa a Dirección e o Departamento de Calidade, así como representantes dos diferentes sectores da comunidade educativa, establecer os mecanismos para desenvolver ámbitos fundamentais como:

1. Control, seguimento e actualización do sistema e dos resultados, que terán carácter permanente no caso do control e do seguimento, e anual no caso da actualización, a través das revisións.
2. Xestión dos documentos, de xeito que as evidencias estean dispoñibles, e que a documentación obsoleta sexa mantida durante o período en que debe estar dispoñible. Sempre deberán estar dispoñibles documentos, rexistros e evidencias da versión actual e da inmediatamente anterior.

3. Canles para a participación da comunidade escolar, que amais da propia presenza no SzGIC, tamén se articulará a través do procedemento de suxestións, queixas e reclamacións, a través de enquisas, e por medio da participación nos órganos colexiados da Escola.
4. Canles para a participación dos grupos de interese, que se articulará mediante reunións periódicas, enquisas, grupos de discusión e outros procedementos.
5. Canles de difusión, que serán fundamentalmente a páxina web da Escola e o taboleiro de calidade.